


**CONCELLO
DE VIGO**



VIGO
EN GALEGO



DOSSIER DE CONTIDOS

**ESCRITA CREATIVA
NIVEL 1 | 30 horas**

Obxectivos xerais

Pór en valor a **lingua galega** a través da escrita creativa, explicando ao alumnado conceptos básicos para **iniciarse na escrita** utilizando a lingua propia de Galicia.

Obxectivos específicos

- Familiarizar ao alumnado cos factores que interveñen no **proceso creativo**. Achegalos ás **técnicas básicas** do oficio de escritor/a e desenvolver as súas habilidades para a **creación literaria**.
- Estimular a **creatividade** a partir de propostas lúdicas e o sentido crítico.
- Desenvolver as habilidades do alumnado para a **análise textual** e guialos na creación de pequenos textos literarios e proporcionarlles ferramentas para **corrixilos e melloralos**.

Número de horas totais

30 horas (distribuídas en 12 clases de 2,5 horas cada unha)

Contidos e actividades

CONTIDOS	ACTIVIDADES
Sesión 1: sobre a escritura creativa Escribir e as súas dificultades. Ler desde a mirada do escritor/a Mirar cara adentro. Escribir con autoconecemento.	Comentar exemplos de escrita creativa da cultura galega e escritores/as galegos/as que nos cativaran e aprender os primeiros conceptos e pasos para facer unha escrita creativa.
Sesión 2: atopa a túa visión Cada un é quen e escribe o que quere transmitir. Inspiración: onde descubrir unha historia. Fontes de inspiración, noticias, outros relatos, anécdotas, historias familiares, soños, etc.	Compartir entre todo o alumnado ideas de historias, relatos... e comentar as que lles parezan máis interesantes.
Sesión 3: narración e xéneros Comedia. Drama. Histórica. Biografía. Misterio. Fantasía. Sagas, etc.	Explicacións dos diferentes xéneros na escrita creativa e puntos importantes de cada un deles.
Sesión 4: o relato curto como xénero en si mesmo	Exemplos de relatos curtos, expoñer que entendemos por relatos curtos e como levar a cabo un de creación propia.
Sesión 5, 6, 7 e 8: pensar facendo As posibilidades da descrición. Construción da trama e nexos. Facer e construír personaxes Trazos de estilo e corrección. Tomar o erro como acerto.	Detectar os detalles: Definición polas súas palabras, polas súas accións, pola súa historia. Como crear personaxes únicos e memorables, comparando con outras xa existentes. Achegas a historias da cultura e literatura galega.
Sesión 9, 10 e 11: distribución das historias Formulacións atractivas. Nó. Que a parte central non decaia. Desenlaces memorables.	Comentar entre o alumnado exemplos de escritos literarios ou relatos cursos que lles foran atractivos, para entender como puido ser o proceso de escrita dos mesmos e aplicarlos ás nosas creacións.
Sesión 12: proxecto final	Presentación do escrito realizado.